

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **Axenda *Imaxina Sons*'15**

**MARTES 30 DE XUÑO**

**11:00 h. Academia de Sons. Obradoiro "Sonobotánica. As plantas tamén soan".** Impartido por Eli Gras. *Salón de actos do MARCO. Previa inscrición*

**21:00 h. Gil Dionísio. Performance sonora para batería e formigoneira. MARCO.** *Entrada: 3 euros*

### **O violinista Gil Dionísio protagoniza a xornada do martes 30 en *Imaxina Sons***

A improvisación é un traballo constante, ritual regular, e é o corpo, o violín e a voz, as liñas polas que se van tecendo os tempos e as marcas do ollar creador de Gil Dionísio, que o martes 30 de xuño dará un concerto na 11ª edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*. Será no MARCO o martes 30 ás 20:30 cando o público poderá comprobar os moldes musicais do artista portugués: do noise à improvisación libre, do teatro á danza, do jazz á música abstracta, ao traballo coa infancia, dos cantos aos engados da cantiga. Na mañán continúa a Academia de Sons co obradoiro de Eli Gras de construción de plantas sonoras.

Cun tour recente en Xapón, e cun traballo que comeza a xordir por toda Europa, Dionísio, que fai en 2013 parte dos "In Loko" de Carlos Barretto, inscribíase nunha nova e forte xeración de creativos e artistas que non temen ollar para dentro para percibir mellor o mundo que os rodea. Unha xeración sen necesidade de nacionalidades, pero consciente de si e do seu lugar.

"Sobre as cantigas que non son cancións soan as historias dun jazz que tamén podería ser *jess* ou *zazz*. Xorden os experimentalismos e as obsesións sobre as sílabas que o son non necesita dicir, recortes dun vocabulario que teima en non quedar estancado: as confesións dun improvisador sen terra, da linguaxe sen nexo, anexo libre de censura, a vibración posible e o tremor necesario, é a palabra e a falta dela. Os rituais de sentir o chan que se estende polo tempo, de pel esquiva, a poética deformada de procurar sen o medo de errar". Así describe o músico o seu traballo sonoro.

É común atopar con Gil Dionísio artistas como a violoncelista Joana Guerra, Edgar Valente de "Criatura", os cósmicos "Pas de probleme" ou a muller-tornado, actriz e cantora, Sara Ribeiro, con quen traballou nas máis variadas fronteiras, no son do teatro, na música para o corpo, nos corpos que fan son en todas as súas posibles aparicións e formas performáticas."

**CONCELLO  
DE VIGO**



### **Academia de Sons**

O mesmo martes 30 de xuño, a partir das 11h, continúa a Academia de Sons no MARCO co obradoiro "Sonobotánica. As plantas tamén soan" impartido por Eli Gras e dirixido a nenas e nenos acompañados de adultos. Este é un obradoiro no que se construírán divertidas e estrañas "plantas sonoras" utilizando elementos de reciclaxe, experimentando creativamente coas formas, os materiais e o son que son capaces de xerar.

### **Venda de entradas:**

**[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com) / 902 504 500**

**Central de Espectáculos (Velázquez Moreno, 26)**

### **Concertos de pagamento**

-Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión

-Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

### **Venda de entradas no mesmo día dos concertos**

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Máis información:

[www.imaxinasons.com](http://www.imaxinasons.com) / [www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)